



Atalaia de vixiancia mozárabe dende o S.XIII, o Torreón de Albolote foi testigo do desenrolo da X CXM Sierra Elvira, 1ª PROBA DA COPA DE ESPAÑA DE CARREIRAS POR MONTAÑA, celebrada en Atarfe, Granada, o 18-1-2017. Porque si, parece increíble, pero xa estamos metidos de cheo nunha nova tempada de carreiras por montaña, e alá fomos como bos amigos, Emilio Montilla, Samuel Saborido, Luis Calvo, Xosé Antón Vázquez e o sempre presente Elpidio Gómez nos nosos recordos, como veteranísimos membros da Selección Galega.

E como tódo-los anos, case sen darnos conta, estabamos as 9:15am ca emoción a flor de pel baixo o arco de saída, situado no Lago de la Ermita de Atarfe, un bucólico lugar que para nada facía imaxinar o que se nos viña enriba nos seguintes 30 km cos seus 2000m de desnivel positivo. A saída foi vertixinosa, propia dun 10000m lisos: codazos e empuxóns para buscar o oco que nos permitira correr rápidamente nos suaves 3 km iniciais. Pronto, un tramo de escaleiras no Km4 encargouse de empezar a poñernos a cada quén no noso lugar, e dende ahí ata o citado Torreón (Km8), o percorrido serviu para demostrar que a carreira non ía ser tan levadeira como o plano de altimetrías facía ver, e xa na primeira baixada de equilibrio imposible, sucederon os primeiros contratempos, sendo o mais relevante para nos, a caída de Emilio con fractura de costela.

Co ímpetu inicial xa calmado. O regueiro de corredores fomos cubrindo o esixente trazado ata o Km17, a partir do cal nos esperaban os chamados Monte Piorno, Morrón de Enmedio e Morrón de la Punta, subidas aparentemente discretas, pero nas que o cronómetro marcou 12, 14, e case 16 minutos por quilómetro, como reflexo do esforzo que estas ladeiras esixen non para correr, senón para agarrarse e manterse simplemente en pé. Na mesma dose, as baixadas eran unha actividade de equilibrio e tortura para pés, nocellos e xeonllos.

Como recompensa final, a organización obsequiounos con dous preciosos quilómetros corribles entre pinar ata chegar de novo ó bucólico lugar de saída, onde nos recibiron con gran ambiente e trato moi de agradecer. Os resultados e idades da Selección Galega :

- Luis Calvo, sénior 1980, 21º clasificado, 3h 12´,
- Samuel Saborido, veterano 1978, 28º clasificado, 3h 18´,

contrastan cos primeiros clasificados da xeral:

- Juan José Jiménez, promesa 1995, 1º clasificado, 2h 49´,
- Mario Olmedo, sénior 1993, 2º clasificado, 2h 50´,
- Sheila Avilés, sénior 1993, 1ª clasificada, 3h 18´,

pero ninguén pode comparar o seu mérito co do (fagámoslle unha reverencia) noso Emilio, que incríblemente apareceu en meta no 45º posto tras correr 22Km cunha costela rota (3h37´).

E nada mais. Pola miña parte, encantado de volver a correr de novo tras 3 meses de parón por lesión de rodilla, e agradecerlle o trato a quen me leva a estas aventuras... Si a rodilla mo permite, vémonos en 14 días en Borriol!!!